

## IDADE MEDIA: MÚSICA, AMOR, LIBERDADE.



A composición musical feminina na Idade Media ten un nexo de unión que sobrepasa límites temporais e xeográficos: a escritura sobre o amor divino e humano.

A través da súa música descubrimos nestas mulleres unha vontade capaz de desafiar convencións sociais e ir moito máis alá dos arquetipos do escurantismo e submisión atribuídos a esta época histórica.

### AS BIZANTINAS



Safo de Lesbos

A herdanza da antigüidade clásica, como Safo de Lesbos, proporcionou a Bizancio unha tradición de mulleres compositoras achegadas á Corte e de elevada instrución, mesmo algunhas consideradas heteras.

Case todas as compositoras cuxos nomes sobreviviron estaban relacionadas co canto litúrxico e viviron entre os séculos IX e XV. Todas elas eran cultas


e de clase social elevada. Moitas eran monxas e compoñían os seus cantos litúrxicos para seren interpretados polas súas irmás de congregación. Así, os conventos foron centro de gran actividade musical. Do mesmo xeito, tendo en conta o elevado nivel de estudos das súas abadesas, os conventos destacaron como centros culturais de gran importancia para o imperio.



A composición máis importante da liturxia bizantina é o himno, cuxas formas máis importantes son : Kanon, Triodon e Sticheron.

De entre as autoras bizantinas destaca KASSIA (Constantinopla 810-867 aprox.) É a primeira da que conservamos a música e tivo tal fama que eclipsa outras compositoras do Imperio Romano de Oriente que compuxeron ata dous séculos despois. A súa obra entrou a formar parte da liturxia oficial da igrexa bizantina e aparece no catálogo de himnógrafos bizantinos realizada por N.K. Xanthopoulos no XIV. É a única compositora que escribiu un himno de penitencia a María Magdalena que segue sendo moi popular en Grecia, onde é coñecido popularmente como o Tropario de Kassia e cántase na mañá de Mércores Santo.

## AS BEGUINAS



Con orixe en Flandres estendéndose despois ó resto de Europa naceu, no século XII, un movemento de mulleres que se dedicaron a unha vida espiritual sen as normas dun mosteiro, sen votos e sen autoridade externa. Esta vida podían abandonala, sen compromiso, cando quixesen.

Establecéronse en cidades para vivir en comunidades que seguisen as súas propias normas. Guiábaas o interese polo coñecemento das escrituras e unha profunda espiritualidade. Logo relaciónanse co súa contorno e entréganse á caridade, ó ensino de nenas e ó coidado de enfermos.



*Convento de Beguinas Hasltad, Alemaña*

Algunhas eran de clase alta ou media-alta e posuían unha ampla cultura. Contribuíron ó desenvolvemento da literatura da época xa que escribían na súa lingua materna, non en latín, polo que o seu pensamento podía ser comprendido por calquera. De xeito discreto exercían un maxisterio espiritual na xente, fóra do control da Igrexa. Varias beguinas tiveron experiencias místicas sobre as que escribiron e compuxeron seguindo o estilo trobadoresco, pero substituíndo o amor cortés polo amor místico en poemas e cancións que se presentaban como diálogos entre a Dama Alba e a Dama Amor.


A súa independencia vital e espiritual causou alarma no seo da Igrexa que as perseguíu e nuns casos obrigou a que algunhas beguinas ingresasen en ordes relixiosas, que se dipersasen e, en casos como o de Margarita Porete, perecesen na fogueira.

## HADEWIJCH DE AMBERES (S. XIII)




É considerada mestra de beguinas e nai da lingua flamenga no século XIII. Posuía unha erudición exquisita e unha condición visionaria, ademais coidaba persoas enfermas, pobres e anciás. Sufriu persecución, a súa comunidade foi disgregada e ela obrigada a fuxir.

Da súa obra só quedan catro manuscritos que conteñen *Poemas estróficos*, *Visións e Cartas*. Os ***Poemas estróficos*** son en realidade cancións escritas ó estilo trobadoresco para servir de oración ás súas alumnas, que deste xeito as memorizaban e asimilaban moito mellor as ideas que se lles quería transmitir.



Poema de Hadewijch

## MÍSTICAS DE HELFTÁ



Presionadas pola Igrexa, moitas beguinas tiveron que abandonar a súa condición. Algunhas ingresaron en conventos, como **Matilde de Magdeburgo** que pediu acobillo á abadesa de Helftá, **Xertrude de Hackeborn**. Gran parte da obra de Matilde está escrita en lingua alemá , por iso se considera nai desta lingua.

## AS MONXAS E CANONESAS



O ingreso nun convento era un xeito de liberarse de estar supeditada a un varón. Neles as abadesas tiñan autoridade e independencia.

Os mosteiros convertéronse en lugares de liberdade feminina, onde as mulleres podían desenvolver as súas capacidades intelectuais, artísticas e espirituais, así como recibir unha formación cultural amplísima. As mulleres

que proviñan de familias acomodadas posuían coñecementos musicais previos, que transmitían ás que non os tiñan.

No século XIII todas as ordes tiñan relixiosas, probablemente mestras de canto, que compoñían cantos para seren interpretados polo resto da congregación, como mostra o códice do mosteiro das Huelgas ou os cantos das monxas de Chester e Conventry.

As canonesas naceron a principios da Idade Media cunha especialización musical concreta: o canto cotián das horas canónicas. A diferenza das monxas non facían voto de pobreza así que fundaron institucións de canonesas nas que daban educación a nenas e adolescentes. Unha destas institucións foi Hohenburg en Alsacia.

### **HILDEGARDA VON BIGEN S.XII**



Naceu nunha familia nobre. Ós 14 anos ingresou no convento bieito de Disibodenberg onde adquire unha completa formación. Ó longo da súa vida ten visións, de tal xeito que un comité de expertos permiten explicar as súas mensaxes en templos e prazas públicas chegando a ser coñecida coma a Sibila do Rhin. Foi compositora, escritora, boticaria, naturista, teóloga, debuxante, médica... Mantivo correspondencia con destacados personaxes da súa época, ofrecendo consellos e participando en conflitos políticos.

Hildegarda denunciou a Igrexa por corrupción e por estar afastada dos preceptos da compaixón desafiando os seus mandatos polo que ó final da súa vida lle foi prohibido compoñer e interpretar música litúrxica no seu convento.

A produción musical de Hildegarda está recollida en dúas obras: O auto sacro *Ordo Virtutum e a Simphonia harmoniae celestum revelationem* (77 cancións de uso litúrxico ou semilitúrxico).

As súas composicións foron creadas para seren cantadas por mulleres e a temática do feminino é recorrente nos textos que teñen un carácter pedagóxico e moralizante.



## AS QAINAT

Denomínanse así as cantoras e músicas árabes, fillas de Caín e inventoras dos instrumentos musicais segundo a tradición bíblica.

Nos períodos omeia e abasida, estas mulleres, de orixe nobre ou escravas, recibían unha formación musical moi completa , xa que cantaban e se acompañaban de varios instrumentos musicais e ademais posuían profundos coñecementos de poesía, caligrafía, composición... Unha vez formadas encargábanse da formación doutras mulleres novas. Ás veces as escravas conseguían a súa liberdade e creaban escolas propias e ata orquestras enteiras de músicas que eran eloxiadas nos tratados de música. As *qainat* de Al Andalus eran mulleres libres e algunhas de orixe nobre.

A música que comezou a compoñerse en Al Andalus influíu na que se facía nos reinos peninsulares máis setentrionais, como mostran as cantigas de Afonso X. Trátase dun estilo novo de canción estrófica (*zéjel, moaxaca...*)

que non se daba noutras zonas do imperio musulmán e que máis adiante influirían no estilo compositivo dos trobadores.

Dous libros recollen os nomes dunha cantidade impresionante de cantoras islámicas dos períodos omeia e abasida:

Kitab al-Agani (Libro das cancións) de Abu Al Faraḡ Al Isfahaní (897-967)

Kitab al-Qyian (Libro das cantoras) de Ibn al-Calbi ( morto no 819)

Moitos dos seus nomes aparecen tamén *en As mil e unha noites*

### JAMILA

No século VIII formou unha orquestra feminina de cincuenta laúdes que a acompañaron á Meca, xunto cunha corte de poetas e músicos de ambos sexos, o que supuxo un dos maiores acontecementos do período omeia.

### ORAIB

(Bagdad 797-894): Ademais de posuír unha fermosísima voz, creou unha escola propia que lle deu grandes beneficios. Atribúenselle unhas 21.000 melodías.

### WALLADA BINT AL-MUSTAFKÍ



(Córdoba 994-1091): Filla dun califa, herdou a fortuna da súa familia o que lle permitiu levar unha vida independente. Recoñecida pola súa fermosura e formación contou con numerosos admiradores e detractores. Educou no canto e na poesía algunhas mozas e a súa casa foi lugar de reunión de artistas nas que participaba aberta e libremente.



## AS TROBADORAS



A lírica trobadoresca nacida en Aquitania escribíase en lingua d'oc. As damas nobres accederon a unha educación exquisita que lles permitía dominar a lingua, a creación e interpretación musical e realizar cancións de altísimo nivel compositivo.

Aportan á poesía do amor cortés un punto de vista propio das convencións dos séculos XII e XIII. Fronte á idealización da muller distante e fría propia dos trobadores, estas autoras, nas súas máis de trinta cancións, propoñen un amor íntimo e vivo. Os seus temas son cantos ó amor cumprido, lamentos pola frialdade do namorado ou a namorada, intercesións a favor dun namorado que cometeu un erro, peticións de consello, pelexas entre amantes, declaracións de amor e cuestións de ética amorosa, entre outros.

Moitas cancións chegadas ata nós como anónimas son obra de trobadoras, establecéndose a súa autoría, ben polo contido dos textos, ben pola rúbrica dos seus manuscritos, ou o feito de levar adxunta a miniatura dun rostro de muller. Porén, a fama dalgunhas trobadoras chegou ata agora.

## LEONOR DE AQUITANIA



(1122-1204): Neta de Guillerme de Aquitania, primeiro trobador, e nai de Ricardo Corazón de León, foi unha das mulleres máis intelixentes, cultas e

poderosas do seu tempo. As súas cortes convertéronse en lugares de atracción trobadoresca. Ela mesma foi compositora aínda que non sobreviviu ningunha das súas cancións.

### BLANCA DE CASTILLA



(1188-1252): Neta de Leonor de Aquitania e raíña de Francia por decisión desta. Dotada dunha educación exquisita, foi tamén trobadora e a súa obra unha das poucas que nos chegou.

### CONDESA DE DIA



(A Provenza cara a 1140): Identifícase tradicionalmente cunha trobadora chamada Beatriz, aínda que temos datos históricos contraditorios.

Esta trobadora é autora da única partitura dunha canción de autoría feminina chegada ata os nosos días. Os manuscritos das súas cancións circulaban por toda Francia e norte de Italia, o que demostra a súa extensa fama, aínda que só se conservan os textos de catro delas.

[https://www.youtube.com/watch?v=5Zah4VWPiNE&list=RDEMRUbxWxQwTeSW6H5A-dvsCw&start\\_radio=1](https://www.youtube.com/watch?v=5Zah4VWPiNE&list=RDEMRUbxWxQwTeSW6H5A-dvsCw&start_radio=1)